**CPR. "JORGE JUAN" - XUVIA ( NARÓN)**

R/ Marcial Calvo, 1
15570 Xuvia – Narón (A CORUÑA)
Tlf./fax: 981 38 30 20
E-mail: cpr.jorgejuan@edu.xunta.es

# XIII Campaña Solidaria

O claustro de profesores do centro acordou organizar, igual que nos cursos pasados, a **campaña solidaria** que co nome "**Contamos contigo**" tratará de recoller alimentos para doalos a **Cáritas Parroquial, en Xuvia**. A deste curso será a 13ª edición.

Agardamos a vosa colaboración para axudar ás familias do barrio nestas datas tan sinaladas.

O obxectivo desta iniciativa é a de concienciar da situación de vulnerabilidade na que se encontran moitas familias e transmitir entre o alumnado e o profesorado valores tan importantes como a solidariedade.

A campaña de recollida comeza o **día 5 ata o martes 20 de decembro**. Recolleranse todo tipo de alimentos non perecedeiros.

O mércores 21 de decembro os profesores e alumnos/as xunto cos pais e nais que queiran acompañar, faremos unha cadea humana para levar os alimentos recollidos ata a Igresa de Santa Rita. En caso de mal tempo será o alumnado do 2º Ciclo da ESO o encargado de levar os alimentos.



Animádevos a colaborar: **Contamos contigo!**